

Co financiamento de:



Marzo do 2024

ESTUDOS DE XÉNERO

Esteriotipos de xénero

Segundo o ACHNUD (Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos), «un estereotipo de xénero é unha visión xeneralizada ou unha idea preconcebida sobre os atributos ou as características, ou os papeis que posúen ou deberan posuír ou desempeñar as mulleres e os homes.

Xa sexan abertamente hostís (como «as mulleres son irracionais») ou aparentemente benignos («as mulleres son cariñosas»), os estereotipos perpetúan as desigualdades. Por exemplo, a visión tradicional das mulleres como coidadoras significa que as responsabilidades do coidado de menores e maiores adoitan recaer exclusivamente nelas.

Os estereotipos de xénero refírense á práctica de atribuír a un individuo, muller ou home, atributos, características ou roles específicos pola soa razón da súa pertenza ao grupo social de mulleres ou homes.»

Inclúen a falsa percepción de que a agresividade nos homes e a submisión nas mulleres son «naturais».

Son ideas, calidades e expectativas que a sociedade atribúe a mulleres e homes, resultando en representacións simbólicas do que deberían ser e sentir elas e eles. Trátase de ideas excluíntes entre si. Ao asignalos a unhas e outros, contribúen a afirmar un modelo de roles femininos e masculinos.

A súa forza na nosa concepción do mundo é tan potente que crean expectativas que condicionan a atención e o foco sobre a información que recibimos (así, é moi probable que só perciba aquilo que confirma a miña crenza no estereotipo).

Dado que os estereotipos limitan a capacidade das persoas para desenvolverse libremente, elixir unha carreira profesional e tomar decisións nas súas vidas, o nesgo de xénero nos xoguetes infantís contribúe a consolidar o devandito modelo. Por iso a campaña da ONU-Mulleres “Os xoguetes non teñen xénero” é tan importante. Amosar a cativas e cativos toda a variedade de opcións de xoguetes sen nesgos de xénero é unha maneira que aprenderlles que a súa presenza no mundo debe ser igualitaria (en xeral, xoguetes científicos que só amosan a rapaces non van atraer a mirada das nenas, e xoguetes sobre o coidado do fogar que só representan a rapazas non lles interesarán aos nenos).

Doutra banda, no imaxinario colectivo lingüístico existen expresións tradicionais que perduran e contribúen a sentar esas bases diferenciais entre mulleres e homes e a conseguinte discriminación das mulleres. A linguaxe, pola súa estreita relación dialéctica co pensamento, pode cambiar coa acción educativa e cultural, e influír positivamente no comportamento humano e mais na nosa percepción da realidade. Por iso hai que insistir no emprego dunha linguaxe non sexista ou inclusiva, que vai moito máis aló das terminacións e –o ou en –a.

Algúns exemplos do funcionamento discriminatorio da linguaxe son expresións como — desde a visión estereotipada e patriarcal— o *sexo forte* para falarmos dos homes; pero se mencionamos o *sexo débil*, a interpretación será que nos referimos ás mulleres. Mentres que entendemos que un *home público* é aquel que ten presenza e influxo na vida social e política, cando dicimos unha *muller pública* estaremos aludindo a unha prostituta.

Os estereotipos de xénero son causa frecuente da discriminación contra as mulleres. Representan un factor fundamental na violación dun amplo abano de dereitos, como

- o dereito á saúde,
- o dereito a un nivel de vida adecuado,
- o dereito á educación,
- o dereito ao matrimonio e ás relacións familiares libres,
- o dereito ao traballo,
- o dereito á liberdade de expresión e de movemento,
- o dereito á participación e representación políticas,
- o dereito a teren recursos efectivos e
- o dereito a non sufriren violencia de xénero.

Roles de xénero

Segundo o Glosario en liña do Campus de Xénero do Instituto das Mulleres do Goberno de México, os roles de xénero son o conxunto de condutas e expectativas que deben rexer a forma de ser, sentir e actuar das mulleres e dos homes, e asígnanse en función dos estereotipos de xénero atribuídos a unhas e outros; os roles de xénero establecen, en definitiva, as tarefas e responsabilidades asignadas a mulleres e a homes diferencialmente. Trátase de papeis construídos e aprendidos na sociedade, e son os principais creadores de diferenzas do ser e estar no mundo de homes e mulleres; céntranse nos dous principais:

Rol produtivo: inclúe as actividades todas desenvolvidas por unha persoa no ámbito público co fin de producir bens e servizos e que xeran ingresos e recoñecemento (segue a definirse adoito como masculino).

Rol reprodutivo: refírese ás actividades de reprodución social que garanten o benestar e a supervivencia da familia, incluídas as tarefas domésticas e de coidados e defínese como feminino.

Deconstruír a percepción destes roles desde o xénero é unha cuestión de dereitos humanos e favorece o desenvolvemento das liberdades e capacidades de calquera persoa sen importar o seu sexo.

Nesgos de xénero

O nesgo de xénero está en todas as persoas e refírese á omisión sobre como son conceptualizadas as mulleres, os homes e as relacións de xénero. Cando aparecen en estudos, investigacións ou problemáticas convértese en «cegueira de xénero» e darán lugar a un grave defecto que ocasionará erros na investigación científica. Omitir as análises de xénero pode excluír da interpretación as necesidades ou impactos desigualitarios de certas actuacións e decisións na vida das mulleres.

Segundo a investigadora Margrit Eichler, podemos distinguir tres grandes nesgos de xénero:

O *androcentrismo*, que implica a identificación do masculino co humano en xeral e invisibiliza as mulleres de facto.

A *insensibilidade de xénero*, que non considera o sexo e o xénero como variables significativas nos contextos, polo que non se van cuestionar os efectos diferenciados en mulleres e homes e, xa que logo, tenderase a perpetuar as desigualdades existentes.

Por último, os *dobres estándares*, que implican a utilización de diferentes criterios para tratar e avaliar situacións ou problemáticas parecidas ou idénticas para os sexos; son, polo tanto, o nesgo inverso á insensibilidade de xénero.

Por outro lado, isto leva a que incorporem no noso pensamento inconsciente este tipo de nesgos, dando lugar aos chamados:

Nesgos inconscientes de xénero, que actúan desde o pensamento inconsciente individual das persoas e poden influír nas súas interpretacións tanto como nas súas decisións: son os patróns socioculturais inconscientes que nos fan interpretar a realidade desde o binarismo oposto (dualidade) do que se considera que deben ser as condutas de homes e de mulleres.

Recoñecer ambos os nesgos en todos os niveis da vida e ter a capacidade de interpretalos como prexuízos fará que logremos eliminar esas interpretacións e prácticas baseadas na falsa idea da inferioridade ou superioridade de calquera dos sexos ou en funcións estereotipadas de homes e mulleres, promovendo así o camiño cara a unha igualdade real.

Segundo a periodista especializada en xénero Silvia Jarabo, os nesgos adoitan representar atallos mentais que, como parte do inconsciente, perseguen facilitar a definición dalgunha situación, persoa ou grupo; confecciónanse sobre a base da educación recibida, as experiencias do escoitado ou visto, isto é, a sociedade en que vivimos. O problema é que se sustentan en prexuízos, polo que conteñen a reflexión sobre o que se analice á marxe da diversidade e dentro do que se considera a «normalidade».

A complexidade dos nesgos de xénero radica no seu peso cultural, sobre todo no referente ao tradicionalmente considerado masculino e feminino. Os nesgos de xénero serán responsables de que se aplique a «norma do que está socialmente aceptado» constantemente.

Estes nesgos forman parte de todas as mentalidades, tanto de mulleres coma de homes, pero cando non son inconscientes, son claros comportamentos sexistas.

Así, se o comportamento dunha muller (ou dun home) difire deses estándares «normais» aceptados para as mulleres (ou os homes, se é o caso), a rudeza e descortesía que experimente como resposta serán maiores. Un exemplo son os comportamentos asertivos, autoritarios e dominantes que están asociados co liderado, tradicionalmente pensados como masculinos e que, por iso, non se consideren atractivos nas mulleres (ou, pola contra, a súa falta nun home considérase un trazo pouco atractivo), e isto por parte de ambos os sexos.

PERSPECTIVA DE XÉNERO

A perspectiva de xénero supón recoñecer as relacións de poder que se dan entre os xéneros, en xeral favorables aos varóns como grupo social e discriminatorias para as mulleres. Ademais, tamén implica que esas relacións se constrúen social e historicamente para, ao mesmo tempo, «construír» as persoas, atravesando para facelo todo a armazón social.

Así, a través da perspectiva de xénero optaremos polo emprego das miradas dos xéneros e das súas relacións de poder para combater os efectos desas relacións de desigualdade entre os xéneros, así como os seus efectos de produción e reprodución da discriminación (que adquiren expresións concretas en todos os eidos da nosa cultura).

En definitiva, a perspectiva de xénero favorece o exercicio crítico e cuestionador da realidade, co fin de analizala e poder transformala e transformar esa situación de desigualdade entre mulleres e homes. Trátase de crear novas construcións de sentido a través de vínculos non xerarquizados nin discriminatorios, exentos da «masculinidade» e da «feminidade» construídos sobre esas desigualdades.